


artes vivas e arredores. isto é moito máis

sabela mendoza - xestora cultural independente e fundadora da plataforma De corpos presentes



De que falamos cando falamos de artes vivas? E de artes do corpo, ou de artes performativas? É o mesmo falar de artes vivas que utilizar (en liña ca temática nomeada para esta mesa) os termos 'novas linguaxes escénicas' ou 'creación escénica contemporánea'?

Que somos contemporáneos, seres habitando o tempo presente, iso sabémolo. Que nos percibamos, expresemos ou comprendamos dende o sentir propio dese tempo (non só o tempo herdado, nin só o tempo proxectado, pero ambos no seu encontro e ningún deles); é dicir, que gocemos dunha cultura en consonancia ca nosa contemporaneidade... iso é cuestionable. E de feito, aquí estamos: nunha mesa de traballo titulada 'Cara a unha escena plural', proxectando o que debería ser hoxe, o noso tempo presente, do cal sentimos tamén nostalxia e desexo. Un algo que non pasou, que seguimos agardando, e que non acaba de chegar. Como é que sempre se nos escorrega?

Penso que as "artes vivas" refiren á idea do 'tempo sendo vivido', da intensificación do presente a través do exercicio artístico. Isto -vivir o tempo presente- só pode darse a través do encontro dos corpos, e engloba todo o que un corpo vivo pode facer en relación cos seus arredores, sexan estes materiais, espaciais, conceptuais, políticos... É por todo isto (e moito máis) que lles chamamos artes "vivas": porque non exclúen nada e porque escapan á categorización, esa práctica tan limitadora para as artes. "Artes vivas" non ten que ser algo novo, non ten que ser multidisciplinar, conceptual ou abstracto... Pode ser todo ou nada diso, sempre que veña ao caso. Peza de danza, performance, situación escénica, acción escultórica ou poética, intervención teatral ou plástica, videoinstalación...

“vivimos unha crecente tendencia no territorio a abrazar a hibridación”

As “artes vivas” non son unha moda de agora: as súas formas e definición están abertas á mutación (esa é se cadra a esencia da definición). Por iso o termo “artes vivas” engloba investigacións e prácticas que se veñen desenvolvendo dende hai décadas, e continúa a acoller outras novas. O corpo é un dos territorios máis directos e inmediatos de control social e político, pero tamén é o principal lugar de resistencia, expresión, apertura ou rebeldía. As “artes vivas” sitúan no centro a ese corpo en acción, que se expresa dende unha comprensión expandida da escena, e que polo tanto pode poñer en cuestión os formatos habituais: de programación, de espazos, de relacións... O ‘escenario’ (entendido este tamén de xeito amplo) é espazo de acción e de pensamento para a colectividade reunida. Poñer os nosos escenarios á disposición do acontecemento dos corpos vivos, é o que toca.

Superando etiquetas. Hibridación e novos contextos

A formación, creación e programación das artes escénicas en España estiveron tradicionalmente, e seguen estando en gran medida, definidas e clasificadas en función de etiquetas: teatro, danza, circo, maxia, ópera... danza-teatro, video-danza, etc. A estas se suman adxectivos que xeran novas etiquetas e que acostuman propoñer binomios e oposicións do tipo teatro clásico - teatro contemporáneo, danza clásica - danza contemporánea, drama - posdrama, etc. Clasificacións que xeran territorios estancos e estreitos para a creación actual e para a formación de públicos fóra dos círculos endogámicos dxs “coñecedorxs” de cada disciplina. Nun contexto cultural como o español —e tamén o galego—, onde o proceso de modernización das artes escénicas foi acelerado nas décadas da Transición (despois de 40 anos de parálise e arrastrando as torpezas), se seguen empregando maioritariamente estas etiquetas como elemento de definición de programacións e carta de presentación ao público. A propia categoría global das “artes escénicas” (similar á francesa de *arts de la scène* ou *arts du spectacle*), encerra certas limitacións con respecto aos termos —quizáis máis amplos ou flexibles— que usan outros países, como artes performativas en Portugal ou *performing arts* nos países anglosaxóns, cuxa terminoloxía pon o acento antes no feito performativo que no feito escénico, é dicir, se sitúan máis no facer (a acción do corpo) que no mostrar (situar o corpo na escena).

Máis alá destas comparativas, hoxe vivimos unha crecente tendencia no territorio —en liña con países veciños— a abrazar a hibridación, os enfoques trans-disciplinares e unha atención máis integral ao feito artístico e escénico. Sen rexeitar totalmente o uso de etiquetas, ponse en cuestión que estas poidan exercer unha función definidora; antes ao contrario, sinálase o seu carácter excluínste: por exemplo nas convocatorias de axudas, ou nas programacións da inmensa maioría de espazos escénicos. O uso de etiquetas provoca que as obras máis inclasificables, experimentais ou híbridas se atopen con dificultades á hora de conseguir os recursos para desenvolverse axeitadamente.

Nos últimos anos estase a estender o emprego do termo “artes vivas”, máis flexible e poroso. Vencellado tamén á normalización de reflexións e conceptos asociados á superación das hexemonías culturais, ou á incorporación das teorías feministas, teoría queer ou o pensamento poscolonial, etc. Esta aproximación está a dar un novo enfoque ao que tradicionalmente se clasificaba como teatro e danza, provocando varias consecuencias que están a resultar moi fértiles á hora de transformar e reactivar o panorama cultural, renovando tamén o interese de públicos polas artes escénicas e moi especialmente polas propostas artísticas que sitúan ao corpo en movemento no centro.

“o corpo reclama o seu lugar, e máis concretamente o corpo social”

As artes vivas á conquista de teatros e outros espazos

A primeira consecuencia é o acollemento de propostas por parte de espazos que ata agora lles prestaban escasa atención no noso país: museos, centros de arte contemporánea e incluso festivais de artes visuais, de cine ou de música, miran agora con atención a creadorxs e compañías que traballan co corpo, o movemento, o son, o espazo e a palabra. O contexto político e social, atravesado por unha hexemonía da imaxe —e o seu consecuente esgotamento—, favorece ademais a potencia destas propostas. Centros de creación e museos están abrindo cada vez máis espazos a programar teatro e danza non xa como algo accesorio senón cunha entidade propia, incorporando departamentos ou liñas de programación específicas. Animados tamén pola multiplicación de traballos de investigación no campo das artes vivas que van en consonancia cas súas liñas de reflexión. E por un certo movemento que reclama unha revisión da historiografía artística e dos modos nos que se ten presentado ao público a “creación contemporánea”, unha revisión onde se incorpore en xusta medida ás obras que parten do corpo. Non só está a acontecer en museos. Tamén escoitamos falar, cada vez máis, sobre a programación de danza en “espazos non convencionais”, que van dende exteriores urbanos ou naturais, ata edificios históricos e patrimoniais cunha carga simbólica que permite o desenvolvemento de propostas artísticas onde os códigos de relación artista-espectador-espazo escénico se transforman. Este salto das artes vivas a novos contextos culturais supón un sopro de aire para xs creadorxs (que atopan novas oportunidades de traballo e de confrontarse con públicos diversos), e para os públicos non habituais (que se atopan e aprecian as propostas dende un punto de partida non condicionado ás etiquetas).

A segunda consecuencia é a revisión ou redefinición de algúns dos espazos que lle son naturais ás artes escénicas: os teatros e centros de residencias artísticas. Esta (exceptuando algúns exemplos pola península), continúa a ser unha tarefa pendente. Moitas veces impulsada polas propias praxes da comunidade artística, que tenta abrir novas vías de traballo.

A performatividade está de volta

Se está a producir tamén un interese crecente pola performance e a arte de acción, que ocupara un lugar en España non tan amplo como en outros contextos europeos ou o americano dos 60-70, momento no que en España aínda non finalizara a ditadura franquista. No entanto, non se pode dicir que non xurdise entón unha corrente importante de performance e arte de acción en España, pois esta existiu e con artistas recoñecidos (moitos seguen en activo) como Bartolomé Ferrando, grupo ZAJ, Isidoro Valcárcel Medina, Esther Ferrer, Fina Miralles... Pero esta corrente caíu en certo illamento durante os 90 e principio dos 2000, sobrepasada pola tendencia á espectacularización que deixaba de lado as correntes máis conceptuais ou simplemente menos ostentosas. Apartada tamén pola tendencia ao emprego dos termos de “industrias creativas e culturais” que puxo o acento no intercambio entre oferta-consumo cultural, ou entre produtor-consumidor cultural, impondo unha lóxica pouco adecuada ás propostas de arte baseadas na experiencia efémera e non reproducible. A performance (con toda a ambigüidade que aínda rodea o termo) é reclamada nos últimos anos con máis potencia e novas xeracións están a retomar o fío dunha herdanza que, por certo, viñera máis ben da arte sonora e as artes visuais, e que agora se produce tamén en medida importante dende creadorxs e artistas formadxs en danza e teatro. O corpo reclama o seu lugar; e máis concretamente o corpo social, composto por unha multitude de corpos que reaccionan ante as estruturas de poder sostidas polos sistemas hexemónicos de representación, baseados tradicionalmente na palabra, o texto, e dende o século pasado ademais na imaxe.

“a relación entre artista e espectador se estreita cada vez máis en favor da experiencia colectiva”

Outras disciplinas en diálogo

Estamos a asistir a unha maior atención dende outras disciplinas artísticas, dende movementos sociais e educativos, e dende a crítica e a produción teórica. Ao abrigo desta tendencia ao ensanchamento das propostas escénicas, atopamos un importante crecemento de proxectos, eventos e festivais de videodanza, propostas multimedia e *new media* que parten do corpo, artistas visuais e sonoros que colaboran con performers... E tamén un aumento da produción teórica, especialmente dende o campo da filosofía e a estética. Esta produción intelectual está axudando na recuperación dun prestixio social. Pola súa banda, os movementos sociais e as novas pedagogías están reclamando con intensidade o uso das artes escénicas e da danza como un medio idóneo para recuperar a conexión co corpo (propio e colectivo), a convivencia e os espazos compartidos, fronte ao individualismo e as dinámicas competitivas. Crecen, por exemplo, os proxectos de teatro ou danza comunitaria. Tamén crecen os proxectos pedagóxicos que introducen a danza e o movemento en escolas e institutos, onde os planes oficiais de estudos non a contemplan. E, sen embargo, está ben demostrada a súa potencia transformadora nas etapas da infancia e adolescencia a través de experiencias de éxito.

Corpo social e corpos en acción

Os discursos e obras que se producen hoxe dende as artes vivas fan especial fincapé nas reflexións arredor do corpo social e a potencia dos corpos en acción, a potencia das multitudes en movemento. O corpo, dicíamos ao comezo, é un dos territorios máis directos e inmediatos de control social e político, pero tamén un lugar principal de resistencia e transformación. O corpo social amplifica a potencia dos corpos individuais e constitúese como suxeito esencial da vida en común. Niso que chamamos “artes vivas”, a relación entre artista e espectador se estreita cada vez máis en favor da experiencia colectiva, da construción dun presente singular en cada acción artística. Unha obra escénica como experiencia intensa de vida, na que cada persoa redescobre ou resitúa o seu propio estar, nun tempo non condicionado nin acelerado pola determinación dunha meta ou a produción dun resultado prefixado. Unha experiencia máis plena, na que a atención se expanda en lugar de concentrarse.

Contra a vida da meta experiencia, da postergación continuada do desexo e do pensamento encravado á pantalla, o encontro singular que nos ofrece a escena é un precioso agasallo e unha necesidade. Que debe gozar dunha pluralidade que atenda á complexidade do presente e nos axude a vivir este tempo noso, sen estar en fuga cara adiante nin atrancadxs no pasado.

Texto 8. Cara a unha escena plural. Sabela Mendoza.

Publicado en xuño de 2019 na órbita do espazo de análise e posta en acción “Cara a unha escena plural”, unha mesa de traballo arredor da circulación da danza e a creación contemporánea nos espazos escénicos galegos. O espazo, impulsado por Caterina Varela e Sabela Mendoza, sucede no marco da Galicia Escena PRO, o encontro de profesionais do campo da artes escénicas que organizan Escena Galega e Agadic.